

Praza número: 25/1030

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Métodos Cuantitativos para Economía e Empresa

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Na Coruña, ás 10:30 horas do 28 de xullo de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Gómez Suárez, Manuel Alberto

Secretaría: López Núñez, Alejandro

Vogal: Lema Fernández, Carmen Socorro

Rep. Trab. (s/voto): Seijas Macías, José Antonio

Na Coruña, a 28 de xullo do 2025.

A presidencia da comisión

Praza número: 25/1030

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Métodos Cuantitativos para Economía e Empresa

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, previa a súa constitución conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno (7/11/2024), acorda establecer os seguintes criterios.

CRITERIOS DE APLICACIÓN XERAL

- ✓ A especialidade de coñecemento da praza é Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa. As especialidades de coñecemento afíns son Fundamentos da Análise Económica, Economía Aplicada, Análise Matemático, Estatística e Investigación Operativa e Matemática Aplicada.
- ✓ Cando un mérito poda ponderarse polo número de autores, aplicaranse os seguintes coeficientes multiplicadores:
 - 1 autor/a: 1
 - 2 autores/as: 0,75
 - 3 autores/as: 0,5
 - 4 ou máis autores/as: 0,25
- ✓ Cando deba valorarse se un centro é de prestixio, consideraranse como tales os que figuran entre os 500 primeiros no [QS World University Rankings by Subject](https://www.quesworld.com/rankings-by-subject) 2025 nas categorías de *Business* ou *Economics & Econometrics*.
- ✓ Cando se apliquen varios coeficientes de ponderación, se o seu efecto total está por debaixo do mínimo establecido na normativa, aplicarase este último.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

Todos os apartados que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA.

I.1. EXPEDIENTE ACADÉMICO (GRAO, MÁSTER, OU LICENCIATURA).

Consideraranse como pertencentes á especialidade de coñecemento da praza as titulacións de Economía, ADE, Ciencias Empresariais ou similares do ámbito de coñecemento "*Ciencias económicas, administración y dirección de empresas, márketing, comercio, contabilidad y turismo*", e as titulacións de Matemáticas, Estatística, Investigación Operativa ou similares do ámbito de coñecemento "*Matemáticas y Estadística*".

Consideraranse como afíns as outras titulacións dos ámbitos de coñecemento "*Ciencias económicas, administración y dirección de empresas, márketing, comercio, contabilidad y*

Praza número: 25/1030

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Métodos Cuantitativos para Economía e Empresa

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

turismo” e de “Matemáticas y Estadística”.

As titulacións adscritas a outros ámbitos de coñecemento consideraranse como non afíns.

I.2. TESE DE DOUTORAMENTO

A comisión establecerá o grao de afinidade en función da información dispoñible; en particular, a rama ou especialidade de adscrición do programa de doutoramento e a área de coñecemento dos/das directores/as e das publicacións derivadas, entre outros.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

II.2. CALIDADE DOCENTE. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro).

Criterios específicos de valoración:

- ✓ Libros publicados en editoriais académicas de recoñecido prestixio internacional (Cambridge University Press, Oxford University Press, MIT Press, Elsevier, Springer, e similares):
 - Libro completo: 4 puntos
 - Capítulo de libro: 1 punto.
- ✓ Libros publicados en editoriais universitarias ou outras editoriais académicas avaladas por organismos oficiais (ANECA, SPI, FECYT, etc.):
 - Libro completo: 2 puntos
 - Capítulo de libro: 0,5 puntos.

Quedan expresamente excluídos deste apartado os volumes que recollan actas de congresos, así como os traballos incluídos nesas actas. En ningún caso se valorarán os libros que non dispoñan de ISBN.

Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso).

Criterios específicos de valoración:

Só se considerarán proxectos obtidos en convocatorias competitivas cun mínimo de 1 ano de duración.

- Internacionais ou nacionais: 1 punto por ano (coordinador), 0,5 puntos por ano (membro do equipo)
- Outros: 0,5 puntos por ano (coordinador/director), 0,25 puntos por ano (membro do equipo)

Praza número: 25/1030

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Métodos Cuantitativos para Economía e Empresa

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Participación en Grupos de Innovación Docente recoñecidos:

- Coordinador: 0,5 puntos por ano
- Membro do equipo: 0,25 puntos por ano

Estadías docentes superiores a un mes (máximo de 2 puntos).

Criterios específicos de valoración:

Valoraranse con 0,2 puntos por mes. Só se considerarán as estadías realizadas en centros de prestixio, segundo o establecido nos criterios xerais.

Mobilidade docente STA ou similares (máximo 2 puntos)

Valorarase con 0,2 puntos por mobilidade. Só se considerarán as mobilidades realizadas en centros de prestixio, segundo o establecido nos criterios xerais.

Artigos de docencia publicados en revistas académicas

- ✓ 2 puntos por artigo publicado en revistas incluídas no listado [Economic Education Academic Journals](#) da *American Economic Association*.
- ✓ 1 punto por artigo publicado noutras revistas incluídas en SCOPUS ou na WoS.

Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos).

Criterios específicos de valoración:

- Carácter internacional: ata 2 puntos
- Carácter nacional: ata 1 punto
- Outros: ata 0,5 puntos

Comunicacións en congresos de innovación docente (máximo de 1 punto por cada mérito alegado).

Só se considerarán congresos organizados ou avalados por asociacións académicas ou científicas recoñecidas a xuízo da comisión e con revisión por pares:

- ✓ 0,5 punto por comunicación presentada en congresos de carácter internacional
- ✓ 0,25 puntos por comunicación presentada en congresos de carácter nacional ou autonómicos

Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

Praza número: 25/1030

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Métodos Cuantitativos para Economía e Empresa

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

III.1. PUBLICACIÓN CIENTÍFICAS (ARTIGOS EN REVISTAS CIENTÍFICAS, LIBROS E CAPÍTULOS DE LIBRO). Puntuación máxima: 40 puntos

Artigos en revistas científicas

Criterios específicos de valoración:

Con respecto á afinidade á especialidade de coñecemento da praza:

- ✓ Consideraranse propios da especialidade os artigos de Economía e Empresa con elevado contido matemático e os artigos de Matemáticas aplicables á Economía e/ou a Empresa publicados en revistas indexadas en SCOPUS ou na WoS.
- ✓ Consideraranse afíns os artigos das especialidades de coñecemento afíns á praza que foran publicados en revistas indexadas en SCOPUS ou na WoS, e que non estean incluídos na categoría anterior.
- ✓ Os restantes casos consideraranse non afíns.

Con respecto á calidade:

- ✓ Para as revistas de Economía e Empresa aplicarase un coeficiente multiplicador segundo a súa posición na [Academic Journal Guide](#) (AJG) da Chartered Association of Business Schools (CABS) de 2025:
 - Categorias 4*, 4 e 3: 1
 - Categoría 2: 0,75
 - Categoría 1: 0,5
 - Ás revistas incluídas en [SCOPUS](#) ou na [WoS](#) non incluídas no AJG aplicaráselles un coeficiente multiplicador de 0,25.
- ✓ Para as revistas de Matemáticas aplicarase un coeficiente multiplicador segundo a súa posición no JCR: 1 se é Q1; 0,75 se é Q2; 0,5 se é Q3, e 0,25 se é Q4. As revistas SCOPUS non incluídas na WoS multiplicaranse por un coeficiente de 0,25.

As publicacións en revistas non incluídas en SCOPUS ou a WoS non serán valoradas.

Libros e capítulos de libro:

- ✓ Libros publicados en editoriais académicas de prestixio internacional (Cambridge University Press, Oxford University Press, MIT Press, Elsevier, Springer, e similares):
 - Libro completo: 2,5 puntos
 - Capítulo de libro: 1 punto
- ✓ Libros publicados en editoriais universitarias ou outras editoriais científicas avaladas por organismos oficiais (ANECA, SPI, FECYT, etc.):
 - Libro completo: 1 puntos
 - Capítulo de libro: 0,5 puntos

Con respecto á afinidade, seguirase o mesmo criterio que para os artigos científicos.

Praza número: 25/1030

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Métodos Cuantitativos para Economía e Empresa

Departamento: Economía

Centro: Facultade de Economía e Empresa

III.2. COMUNICACIÓNS EN REUNIÓN CIENTÍFICAS. Puntuación máxima: 5 puntos

Criterios específicos de valoración:

Aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador segundo o carácter da asociación científica organizadora do congreso:

- Internacional de prestixio (AEA, EEA, AMS, MAA, ...): 1
- Nacional de prestixio (AEE, SEMA, ...): 0,5.

Aplicaranse os coeficientes multiplicadores por afinidade e por número de autores.

III.3. ESTADÍAS PRE E POSTDOUTORAIS. Puntuación máxima: 10 puntos

Criterios específicos de valoración:

Só se considerarán as estadías realizadas en centros de prestixio, segundo o establecido nos criterios xerais.

III.7. ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado.

Criterios específicos de valoración:

Os informes técnicos realizados por encargo dunha institución pública ou privada de prestixio valorarase con 2 puntos se ten carácter internacional; 1 punto se ten carácter nacional; 0,5 se ten carácter autonómico, e 0,25 se ten carácter local.

Actividades de divulgación: ata 1 punto por cada mérito, segundo a súa relevancia e afinidade.

Na Coruña, a 28 de xullo do 2025.

A presidencia da comisión